





XORNADA DE  
PORTAS ABERTAS

# Benvidos ao CEIP Eduardo Pondal



ANO 2024



O CEIP Eduardo Pondal é un colexio no que impartimos docencia dende 4º de Educación Infantil ata 6º de Educación Primaria.

## OS NOSOS ESPAZOS

### Aulas:

- Educación Infantil
- Educación Primaria
- Inglés
- Música
- Plástica
- Relixión e Atención Educativa
- Pedagogía Terapéutica
- Audición e Linguaxe
- Polos Creativos

### Zonas comúns:

- Biblioteca
- Aula de Usos Múltiples
- Pavillón
- Comedor
- Patios cubertos
- Espazos axardinados
- Pistas polideportivas
- Areeiro
- Parque infantil



# OS NOSOS SERVIZOS

- O noso horario é de 9.15 a 14.15 h.
- Contamos con **comedor escolar** de 14.15 a 15.15 h., agás os luns que rematamos ás 16.15 h.
- De outubro a maio, a biblioteca do centro permanece aberta de martes a venres en horario de 15.30 a 17.30 h., facilitando tamén o traslado ás **actividades extraescolares** ofertadas polo concello.
- Dispoñemos de **transporte escolar** gratuíto con cinco rutas que cobren todo o concello de Ponteceso.





**A ETAPA DE  
EDUCACIÓN  
INFANTIL**



Contamos con:

- Tres **mestras titoras**.
- Unha **mestra de apoio** ás tres aulas que impartirá, ademais, as sesións de Psicomotricidade e Atención Educativa.
- **Mestras especialistas** de Inglés, Música, Relixión, Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.



Contamos con **tres aulas de Educación Infantil** destinadas ao alumnado de 3, 4 e 5 anos respectivamente.

Tanto as aulas como os baños de Educación Infantil foron totalmente renovados durante o verán de 2020.

Sempre procuramos, na medida do posible, que un grupo permaneza na mesma aula e coa mesma titora durante os tres cursos de Educación Infantil.



Dende o Equipo de Educación Infantil buscamos favorecer o desenvolvemento integral do alumnado a través do uso de **metodoloxías vivas e activas**.

Levamos a cabo unha **Aprendizaxe Baseada en Proxectos**, partindo dos intereses e motivacións das nenas para así achegarnos ás diferentes áreas curriculares.

As **propostas lúdicas e manipulativas**, o **traballo en recantos** e o **xogo libre** son actividades esenciais no noso día a día.


Igualmente...

- Celebraremos os **aniversarios**.
- Participaremos en **festexos tradicionais** coma o Samaín, o Magosto ou o Entroido e conmemoraremos **datas importantes** coma o 'Día da Paz', o 'Día da Muller' ou o 'Día das Letras Galegas'.
- Recibiremos **visitas especiais** (obras de teatro, contacontos, concertos, talleres didácticos...) e tamén realizaremos diferentes **saídas e excursións**.



E TAMÉN...





Como serán os  
primeiros días en  
Educación Infantil?

## REUNIÓN INICIAL

Antes do inicio de curso a titora de@s vos@ filles chamará a cada familia para convocarvos a unha **reunión global e conxunta na aula.**

Nela organizaremos o período de adaptación, explicarémovos o funcionamento do centro e da aula e resolveremos calquera dúbida ou inquedanza.


A photograph of children sitting on a wooden floor, engaged in a painting activity. They are using paint containers and brushes. A piece of cardboard with text is taped to the floor in the foreground. The background shows a dark mat with red and blue paint splatters.

# PERÍODO DE ADAPTACIÓN

Como serán os primeiros días en Educación Infantil?

Desenvolverase durante os primeiros días lectivos do curso.

Serán xornadas na que as nenas irán ampliando a súa estadía na escola de maneira progresiva ata chegar ao horario completo.



# ALGUNHAS RECOMENDACIÓNS

Como serán os  
primeiros días en  
Educación Infantil?

Procurade anticiparlle ás crianzas a súa entrada no colexio:

- Falade c@as vos@as fill@as, escoitade as súas inquedanzas e resolvevede dúbidas.
- Transmitídelles tranquilidade e ilusión polo comezo dunha nova etapa.
- Facédeos partícipes da súa entrada na escola: que sexan elas @s que escollan a súa mochila, o seu mandilón...

**A ETAPA DE  
EDUCACIÓN  
PRIMARIA**





Contamos con:

- Oito **mestres titor@s**.
- **Mestres especialistas** de Inglés, Música, Educación Física, Relixión, Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.
- Participamos no programa educativo PROA, o que nos permite contar con **mestres de apoio** que axuden a potenciar a aprendizaxe e o rendemento escolar do alumnado.
- Igualmente, na aula ordinaria tamén se contará co **apoyo do profesorado con dispoñibilidade horaria**.
- Tamén participamos no Programa de Auxiliares de Conversa que nos permite contar no centro cunha **persoa nativa de fala inglesa**.



Contamos con **oito aulas de Educación Primaria** destinadas ao alumnado de 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º respectivamente.

Igualmente, o alumnado tamén se trasladará ás **aulas específicas** de Inglés, Música, Plástica e Relixión, así como ao pavillón durante as sesións de Educación Física.

Sempre procuramos, na medida do posible, que un grupo permaneza na mesma aula e coa mesma titora ou titor durante dous cursos, intentando respectar os ciclos: 1º e 2º; 3º e 4º; 5º e 6º.



Dende o Equipo de Educación Primaria buscamos que a metodoloxía empregada sexa fundamentalmente **comunicativa, inclusiva, activa e participativa**, sempre dirixida ao logro dos obxectivos e competencias.

Centrámonos no desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en **contextos da vida real**.

Dende o centro procuramos a integración das distintas **experiencias e aprendizaxes** do alumnado, a capacidade de aprender por si mesmas e o **traballo colaborativo e en equipo**.



Igualmente...

- Participaremos en **festexos tradicionais** coma o Samaín, o Magosto ou o Entroido e conmemoraremos **datas importantes** coma o 'Día da Paz', o 'Día da Muller' ou o 'Día das Letras Galegas'.
- Recibiremos **visitas especiais** (obras de teatro, contacontos, concertos, talleres didácticos...) e tamén realizaremos diferentes **saídas e excursións**.



# REUNIÓN INICIAL

Como serán os  
primeiros días en  
Educación Primaria?

Antes do inicio de curso a titora de@s vos@s filles chamará a cada familia para convocarvos a unha **reunión global e conxunta na aula**.


Nela explicaremosvos o funcionamento do centro e da aula, as normas establecidas, o sistema de avaliación e compartiremos a lista de material. Así mesmo, resolveremos calquera dúbida ou inquedaanza que poida xurdir.

# ALGUNHAS RECOMENDACIÓNS

Como serán os  
primeiros días en  
Educación Primaria?

Procurade anticiparlle ás crianzas a súa entrada no novo colexio:

- Falade c@ s vos@s fil@s, escoitade as súas inquedanzas e resolve de dúbidas.
- Transmitídelles tranquilidade e ilusión polo comezo dunha nova etapa.
- Facédeos partícipes da súa entrada na escola: que sexan elas quen escollan a súa mochila, os seus útiles escolares...



# LEMBRÁDEVOS DESTAS DATAS

## **SOLICITUDE DE ADMISIÓN**

- Marzo de 2024

## **FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA**

- Xuño de 2024

## **INICIO DUNHA NOVA ETAPA**

- Setembro de 2024